

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDEN do 19 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención destinada a concellos de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico, con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.

O ámbito de actuación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria responde ao vixente marco institucional de distribución de competencias, configurado basicamente no Estatuto de autonomía de Galicia. Este, no artigo 27.19, establece como competencia exclusiva da Xunta de Galicia o fomento da cultura en Galicia e, no artigo 32, que corresponde ao goberno da nosa comunidade autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de conformidade co Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, asume as competencias que a facultan para a dirección e coordinación das atribucións da consellería en materia de promoción do libro e da lectura, así como nas materias de bibliotecas e arquivos. Así mesmo, compéttelle a xestión administrativa e a organización de axudas e instrumentos de colaboración coas corporacións locais en materia de bibliotecas.

En execución das competencias citadas ditouse a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística de Galicia, que establece, no seu artigo 20.3, a obriga da Xunta de Galicia de contribuír ao fomento do libro galego con medidas que potencien a produción editorial e a súa disposición.

A Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia, no seu artigo 16.3, establece que a Xunta de Galicia se compromete a adquirir, con periodicidade estable, para a súa difusión en todas as bibliotecas públicas, escolares e de centros universitarios, os produtos editoriais galegos segundo os criterios de selección e idoneidade das persoas con responsabilidades profesionais destes centros de lectura pública.

Este sistema de adquisición de novidades editoriais permite que as bibliotecas públicas teñan ao dispor dos seus usuarios e usuarias as novidades editoriais en galego no momento da súa entrada no mercado mediante un proceso de compra de libros en formato físico a



cargo dos concellos en función da demanda das súas bibliotecas e/ou axencias de lectura que cumpran os requisitos establecidos. Unha vez adxudicada a subvención en libros por un valor económico que se establece segundo os parámetros da poboación á que atende cada servizo bibliotecario público municipal, este poderá seleccionar os títulos incluídos nunha plataforma electrónica na que incorporarán as súas novidades editoriais todas as empresas editoras que publiquen en galego, que tamén serán as encargadas da distribución directa de cada libro solicitado desde a editorial a cada beneficiario.

Este procedemento permite a achega de libros impresos coa única finalidade de seren incorporados ás coleccións bibliográficas da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, a título gratuito e a fondo perdido.

As bases reguladoras da concesión de subvención previstas nesta orde establecen un procedemento de concesión que ten a consideración de concorrencia non competitiva, dado que, de acordo coa finalidade e o obxecto do programa, non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que será realizada pola comprobación da concorrencia na entidade solicitante dos requisitos establecidos, conforme o previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo como único criterio para a repartición dos fondos a poboación a que debe atender o servizo bibliotecario.

Esta convocatoria tramítase ao abeiro do artigo 25.1.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como expediente anticipado de gasto, e existe crédito suficiente previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2017.

Na súa virtude, no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada parcialmente pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

Esta orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras da concesión dunha subvención anual aos concellos de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego e en formato físico, con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas municipais inte-



gradas na Rede de Bibliotecas de Galicia. Os fondos bibliográficos deberán ser editados no período comprendido entre o 1 de setembro de 2016, e o 29 de setembro de 2017.

A súa finalidade é de interese público: o fomento e a edición de libros publicados en galego, así como a promoción da lectura e a mellora das coleccións e dos servizos bibliotecarios, por ser a Rede de bibliotecas públicas a destinataria dos exemplares.

Artigo 2. *Principios de xestión*

A xestión deste procedemento realizarase de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Artigo 3. *Normas de aplicación*

No desenvolvemento desta orde, observarase o disposto nas seguintes leis e disposicións:

- a) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- c) Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Comunidade Autónoma.
- d) Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia.
- e) Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.



E, supletoriamente:

f) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, reguladora dos requisitos de concesión e xustificación de subvencións concedidas na Administración do Estado. Nesta lei recóllense artigos de carácter básico que resultan de aplicación á normativa desta comunidade autónoma, e consecuentemente, a esta orde de convocatoria.

g) Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

h) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 4. *Procedemento de concesión das subvencións*

1. O procedemento para a concesión das subvencións recollidas nesta orde tramitarase mediante o rateo do orzamento existente para a compra centralizada das novidades editoriais entre os solicitantes que cumpran as condicións establecidas, ao abeiro do disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. As empresas editoras incorporarán á plataforma electrónica <https://novidadeseditoriais.xunta.gal>, as súas novidades editoriais para ser seleccionadas polos concellos, sempre que as ditas empresas cumpran os requisitos exixidos na Resolución de convocatoria para poder participar na presente orde.

Isto comporta a autorización a unidade tramitadora da plataforma electrónica <https://novidadeseditoriais.xunta.gal> para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento e debe presentar entón a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

Artigo 5. *Fondos bibliográficos obxecto de subvención*

1. Os fondos bibliográficos obxecto de subvención deberán estar incorporados á plataforma electrónica <https://novidadeseditoriais.xunta.gal>, e ser seleccionados e recibidos por cada concello beneficiario. A incorporación será realizada polas entidades editoras de acordo co sinalado no punto 2 do artigo anterior.



2. Con cargo á subvención o número máximo de exemplares de cada título que poderá solicitar cada concello ás editoriais, para cada unha das súas bibliotecas e/ou axencias de lectura municipal será de 3.

Artigo 6. *Beneficiarios*

1. Poderán ser beneficiarios desta subvención todos os concellos de Galicia que:

a) Sexan titulares de bibliotecas ou axencias de lectura pública integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia.

b) Estean ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no artigo 11 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

c) Teñan cumprido o establecido no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

2. Non poderán ser beneficiarios destas axudas aqueles concellos que se atopen nalgun dos supostos previstos nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 7. *Requisitos de participación*

As bibliotecas públicas municipais receptoras dos fondos bibliográficos deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Estar integrada na Rede de bibliotecas de Galicia ou ter solicitado a súa integración (capítulo V do Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas).

b) Ter un horario de apertura ao público dun mínimo de 15 horas semanais.

c) Ter cuberta a estatística de bibliotecas do ano 2015 e remitida á Secretaría Xeral de Cultura.

d) Ter informatizada a súa xestión.



Artigo 8. Axudas

A contía do importe dos fondos bibliográficos a que poderá acceder cada beneficiario determinarase en función do número de habitantes de cada concello solicitante, segundo as cifras oficiais de poboación correspondentes ao ano 2015 publicadas polo Instituto Gallego de Estatística, de conformidade coa seguinte táboa:

- Menos de 2.000 habitantes: recibirán libros por un importe máximo de 500 €.
- De 2.001 a 5.000: recibirán libros por un importe máximo de 1.000 €.
- De 5.001 a 10.000: recibirán libros por un importe máximo de 1.500 €.
- De 10.001 a 20.000: recibirán libros por un importe máximo de 2.000 €.
- De 20.001 a 30.000: recibirán libros por un importe máximo de 2.500 €.
- De 30.001 a 50.000 recibirán libros por un importe máximo de 3.000 €.
- Máis de 50.001 recibirán libros por un importe máximo de 3.500 €.

O cálculo do bono co importe máximo en libros que se concederá realizarase sobre a porcentaxe que resulta de aplicar o total de crédito orzamentario dispoñible para a adquisición dos fondos sobre o total de subvención que se vai conceder segundo a táboa anterior (sumatorio do número de concellos por tramo multiplicado por contías individuais indicativas por tramo). A devandita porcentaxe multiplicarase polas contías individuais indicativas da propia táboa.

Non obstante, poderanse superar as cantidades máximas a que se refire este artigo se unha vez repartido o crédito inicial existisen remanentes. Neste caso, o órgano instructor poderá distribuír proporcionalmente a cantidade dispoñible entre as solicitudes correctamente recibidas que non alcanzasen o importe máximo da axuda. Se nesa repartición todos os solicitantes acadaran esa contía máxima a que se refire o parágrafo primeiro deste artigo, a cantidade restante ratearase entre todos os beneficiarios.

Estas subvencións asignadas a cada concello son compatibles con outras axudas ou subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, para a dotación das súas coleccións bibliográficas e documentais.



Artigo 9. *Imputación orzamentaria e contía*

1. As axudas concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.432A.760.2, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 por un importe de 200.000 euros.

2. Este importe inicial pode ser ampliado en función das dispoñibilidades orzamentarias, o que poderá dar lugar ao incremento da contía total das subvencións, de acordo co disposto no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Esta convocatoria tramítase ao abeiro do artigo 25.1.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como expediente anticipado de gasto, e existe crédito adecuado e suficiente previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2017.

Así mesmo, estará sometida ao regulado na Orde da Consellería de Economía e Fazenda do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes da mesma consellería do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001.

Ao abeiro desta normativa, o crédito previsto no parágrafo 1 deste artigo, e por tanto a concesión das subvencións, queda sometido á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma galega para o exercicio 2017 para financiar as obrigas derivadas da convocatoria.

Artigo 10. *Presentación de solicitudes, prazo e documentación*

1. Os concellos que desexen acollerse a esta orde deberán presentar a correspondente solicitude (anexo I) no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes. En todo caso, sempre estarán excluídos do cómputo os sábados, os domingos e os declarados festivos.



2. A solicitude irá dirixida á Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

3. A presentación das solicitudes realizarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

4. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

No caso de que algún dos documentos que debe presentar a persoa solicitante ou representante, de forma electrónica, supere os tamaños límite establecidos pola sede electrónica, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos.

Na sede electrónica encóntranse publicados os formatos admitidos para a presentación de documentación.

Se o solicitante desexa presentar calquera documentación en formatos non admitidos, poderá realizalo de forma presencial a través de calquera dos rexistros habilitados.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta do cidadán da persoa interesada.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se dispón del.

5. Á solicitude xuntaráse a documentación que a seguir se relaciona:

a) Certificado expedido polo/a secretario/a ou interventor/a do concello da media semanal de horas de apertura ao público da biblioteca ou bibliotecas e/ou axencias de lectura.

b) Copia do certificado da remisión ao Consello de Contas de Galicia da conta xeral do exercicio 2015.



c) No caso de que a axencia de lectura ou biblioteca municipal non estean integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia, copia da solicitude de integración (segundo o modelo do anexo IV do Decreto 41/2001, do 1 de febreiro).

Artigo 11. *Emenda de solicitudes*

Se a documentación presentada fose incompleta ou presentase erros emendables, requirírase o solicitante para que, no prazo de dez (10) días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, se considerará que desistiu da súa solicitude, de acordo co previsto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, logo de que se dite a oportuna resolución ao abeiro do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 12. *Instrución do procedemento e selección das solicitudes*

1. Corresponde á Subdirección Xeral de Bibliotecas a instrución do procedemento de subvención e desenvolver de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

2. Ás solicitudes que se axusten aos requisitos establecidos nesta convocatoria asignaráselle unha cantidade final que se concretará no importe dos libros que recibirán. Esta cantidade será a resultante da repartición da cantidade total entre a totalidade das solicitudes correctamente recibidas, segundo o criterio establecido no artigo 4.

Realizada a repartición, o órgano instrutor elevará a proposta de resolución ao secretario xeral de Cultura quen resolverá por delegación do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 13. *Resolución*

O secretario xeral de Cultura por delegación do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo de quince (15) días desde a elevación da proposta de resolución do/a titular da Subdirección Xeral de Bibliotecas, ditará a resolución de concesión de acordo co disposto no artigo 34 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Nesta resolución incluírase a relación de concellos beneficiarios e as cantidades concedidas e publicarase



no *Diario Oficial de Galicia*. Así mesmo, farase pública no portal da Rede de Bibliotecas de Galicia (www.rbgalicia.xunta.gal) e na páxina web oficial da Secretaría Xeral de Cultura. Esta publicación substituirá a notificación persoal e producirá os mesmos efectos.

Artigo 14. *Notificación e desestimación*

1. O prazo máximo para ditar e notificar aos interesados a resolución expresa non poderá superar os cinco meses, segundo establece o artigo 23.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O prazo computarase a partir do día da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

A persoa interesada poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo ao vencemento do prazo máximo sen que se notifique a resolución expresa.

2. Notificaranselles ás persoas interesadas as resolucións e actos administrativos que afecten os seus dereitos e intereses, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións, mediante un correo electrónico dirixido á conta de correo que conste na solicitude para os efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Artigo 15. Aceptación e procedemento de incorporación das novidades editoriais ás bibliotecas

1. Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios dispoñerán dun prazo de dez (10) días hábiles para a súa aceptación. Transcorrido este sen que se produza manifestación expresa, entenderase como tacitamente aceptada, agás que no mesmo prazo se comunique de xeito formal e expreso a renuncia á subvención concedida, debidamente asinada polo representante do beneficiario.

2. Unha vez asignada a cantidade correspondente a cada concello relativa ao importe máximo do valor dos libros de que se van dotar as bibliotecas municipais, cada concello, a través dun só representante para as súas bibliotecas e/ou axencias de lectura, xa designado na solicitude (anexo I), seleccionará e solicitará os títulos e o número de exemplares de cada un entre os incorporados á plataforma electrónica de adquisición de novidades editoriais <https://novidadeseditoriais.xunta.gal>, polas editoras, ata o límite do valor económico en libros que teña adxudicado na resolución definitiva desta convocatoria.

3. No prazo comprendido desde a notificación da resolución da subvención ata o 29 de setembro de 2017 e a través da plataforma realizaranse os pedidos a cada unha das editoriais titulares de cada libro seleccionado polo concello. Serán as editoriais as que se encargarán do envío dos libros a cada solicitante, segundo fan constar no campo da plataforma «Enderezo de envío».

Artigo 16. Obrigas dos beneficiarios

1. Os beneficiarios desta axuda quedan suxeitos ás obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Os beneficiarios quedarán obrigados a destinar os fondos bibliográficos recibidos para a súa incorporación á súa colección bibliográfica e a súa posta a dispor dos usuarios das súas bibliotecas públicas e/ou axencias de lectura. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá comprobar, cando o considere conveniente, a correcta execución das axudas.

3. Os beneficiarios quedan obrigados a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas ou o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.



4. Os beneficiarios deberán dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Artigo 17. *Xustificación*

1. Considerarase gasto realizado o importe dos libros recibidos e pagados entre a data de publicación da resolución de concesión da subvención e o 31 de outubro de 2017.

2. A xustificación realizarase mediante a presentación da seguinte documentación, dunha soa vez, dirixida á Secretaría Xeral de Cultura-Subdirección Xeral de Bibliotecas, con data límite do 31 de outubro de 2017, sempre que non se opoña ao que se estableza na orde da Consellería de Facenda que regule as operacións de peche de exercicio:

a) Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no artigo 11 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

b) Certificado de axudas solicitadas ou recibidas para o mesmo obxecto desta subvención.

c) Certificado da persoa responsable da Secretaría ou Intervención do concello, de que os fondos bibliográficos recibidos a través desta orde pasan a formar parte da colección da biblioteca.

3. No caso de presentar conta xustificativa, deben incluír, baixo responsabilidade do declarante:

– Nome da editorial, número de factura, importe da factura, relación de libros adquiridos, número de exemplares, data de recepción dos libros e data de pagamento á editorial (antes do 31 de outubro de 2017).

4. En caso de non presentar conta xustificativa, deben enviar a seguinte documentación:

– Facturas (orixinais ou copias compulsadas), nas que se relaciona os libros adquiridos. De non figurar este dato na factura enviarase o albará xunto coa factura correspondente.



– Xustificante bancario orixinal conforme o concello fixo o pagamento ás empresas editoras antes do 31 de outubro de 2017.

5. A documentación requirida na fase xustificativa tamén se poderá presentar electronicamente, accedendo ao expediente do presente procedemento na Carpeta do cidadán da entidade local que presentou a solicitude de inicio, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>, mediante o formulario normalizado habilitado para o efecto a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 18. *Pagamento da subvención*

De acordo co artigo 42.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase como efectivamente pagado o gasto cando quede xustificado o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias, debidamente identificados.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito á subvención total ou parcial, segundo proceda, e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o disposto nos artigos 9 e 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

Unha vez xustificada a subvención, o órgano competente antes de proceder ao seu pagamento, poderá realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da finalidade da subvención.

Artigo 19. *Recursos*

Contra os actos resolutivos que esgotan a vía administrativa o interesado poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a recepción da notificación da resolución ou, potestativamente, interpoñer, no prazo dun mes desde a recepción da resolución, recurso de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 20. *Publicidade*

1. Os órganos administrativos concedentes publicarán no *Diario Oficial de Galicia* as cantidades asignadas correspondentes ao importe da dotación de libros con expresión da



convocatoria e o beneficiario, ao abeiro do disposto no artigo 15.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. De conformidade co artigo 13.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Comunidade Autónoma, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe dos libros concedidos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

3. As entidades solicitantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos, no rexistro público de axudas, subvencións e convenios, creado polo artigo 16.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as axudas outorgadas ao abeiro desta orde.

4. De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido desta convocatoria será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Artigo 21. *Consentimentos e autorizacións*

1. Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente datos en poder das administracións públicas. Só no caso de oposición expresa no modelo de solicitude as persoas interesadas deberán achegar os documentos acreditativos correspondentes. No caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a súa presentación.

Non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa solicitante ou representante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.



2. A presentación da solicitude de concesión da subvención pola persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento e debe presentar entón a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

3. De conformidade co artigo 17.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Comunidade Autónoma, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe en libros concedido. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren imponse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

Artigo 22. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Novidades editoriais» cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral de Cultura. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Subdirección Xeral de Bibliotecas, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio da Biblioteca e Arquivo de Galicia, Cidade da Cultura, Monte Gaiás, s/n, 15707 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico: subdireccion.bibliotecas@xunta.gal

Disposición derradeira primeira

Facúltase o secretario xeral de Cultura, no ámbito das súas competencias, para emitir as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.



Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2016

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

CVE-DOG: k4vyeqd1-isi8-amv8-0en9-ykiska2crq12




XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDIMENTO SUBVENCIÓNS A CONCELLOS DE GALICIA PARA A DOTACIÓN DE NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO EN FORMATO FÍSICO CON DESTINO ÁS BIBLIOTECAS E/OU AXENCIAS DE LECTURA PÚBLICAS MUNICIPAIS INTEGRADAS NA REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO CT224A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	-------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE							
ENTIDADE LOCAL							NIF
<input type="text"/>							<input type="text"/>
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO			NÚM. HABITANTES		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>		

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA OBRIGATORIA
As resolucións e actos administrativos notificaranse ás persoas interesadas a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@ , https://notifica.xunta.gal
Notifíquese a: <input type="radio"/> Entidade solicitante <input type="radio"/> Persoa representante
Só poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.
Os avisos da posta a disposición da notificación enviaranse ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a continuación.
TELÉFONO MÓBIL <input type="text"/> CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>

DATOS BANCARIOS
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.
TITULAR DA CONTA <input type="text"/> NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
IBAN <input type="text"/>

BIBLIOTECAS E/OU AXENCIAS DE LECTURA QUE PARTICIPAN	
NÚM.	NOME DA BIBLIOTECA E/OU AXENCIA DE LECTURA
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

PERSONA RESPONSABLE DA XESTIÓN DAS SOLICITUDES			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CARGO	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

CVE-DOG: k4vyeqd1-isi8-amv8-0en9-ykiska2crq12


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I
 (continuación)

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os que solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

- 2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- 3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- 4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 117/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 6. Que a entidade local se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- 7. Que ten informatizada a súa xestión.
- 8. Que ten cuberta a estatística de bibliotecas do ano 2015 e remitida á Secretaría Xeral de Cultura.
- 9. Ter cumprido co establecido no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións de entidades locais galegas.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

	PRESENTADO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Certificado expedido polo/a secretario/a ou interventor/a do concello, da media semanal de horas de apertura ao público da biblioteca e/ou axencia de lectura.	<input type="checkbox"/>		
<input type="checkbox"/> Copia do certificado da remisión ao Consello de Contas de Galicia da conta xeral do exercicio 2015.	<input type="checkbox"/>		
<input type="checkbox"/> No caso de que a axencia de lectura ou biblioteca municipal non estean integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia, copia da solicitude de integración (segundo o modelo do anexo IV do Decreto 41/2001, do 1 de febreiro).	<input type="checkbox"/>		

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a sxt.cultura.educacion@xunta.gal.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 19 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención destinada a concellos de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico, con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data
 , de de



Secretaría Xeral de Cultura



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

CVE-DOG: k4vyeqd1-isi8-amv8-0en9-ykiska2crq12

